



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Modesta Riobó Dios e Cristina Ferreiro López, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión, sobre a atención sanitaria no concello de Vilaboa, en Pontevedra.

O Concello de Vilaboa, na Provincia de Pontevedra, ten mais de 6.000 habitantes distribuídos en cinco parroquias: Santa Cristina de Cobres, San Adrián de Cobres, Vilaboa, Bértola e Figueirido.

A asistencia sanitaria ás veciñas e veciños deste concello dispensase dende un Centro Medico e dende un Consultorio que atende as Parroquias de Santa Cristina e San Adrián de Cobres que suman entre as dúas 2.703 habitantes o que supón case a metade do total do concello.

A preocupación que existe dende hai un tempo nestas parroquias plasmouse na creación da Plataforma de Atención Medica en Cobres, formada polas asociacións de veciños de S.Adrián e Sta. Cristina de Cobres, as súas respectivas Comunidades de Montes e os grupos municipais do BNG, PSdG e PP.

Estes colectivos veñen de poñer de manifesto a situación de precariedade do Consultorio de Cobres; por un lado a súa ubicación demasiado próxima a Nacional 554, por outro un Consultorio que non esta informatizado, que non dispón dun equipamento adecuado e no que a atención medica é unicamente de dúas horas ao día.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estes veciños enviaron xa tres escritos coas súas demandas á Xerencia de Atención Primaria, o ultimo deles con máis de 700 sinaturas, sen que ate o de agora recibiran ningunha resposta as súas peticións.

Nestes escritos manifestan a necesidade de melloras no Consultorio como a súa informatización, que sexa dotado do material adecuado e poder contar cun medico en xornada completa para poder así atender a demanda existente.

Ante a dispersión, o envellecemento e o número importante desta poboación, creemos que é indispensable adecuar ou crear un novo Consultorio que reúna as condicións tanto en recursos humanos como en equipamento para poder ofrecer a atención sanitaria máis adecuada e eficiente que cubra as necesidades que nestes momentos demandan as veciñas e veciños de Cobres.


Ante esta situación a deputada asinante formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que valoración lle merece a atención sanitaria que están a recibir os veciños de Cobres?
- 2.ª) Que medidas teñen previsto levar a cabo para adecuar a atención sanitaria a demanda e necesidade actual destes veciños ?
- 3.ª) Teñen pensado reunirse coa Plataforma de Atención Medica de Cobres e buscar solucións a esta situación?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2008.

Asdo.: Modesta Riobó Dios

Cristina Ferreiro López



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2008 10:37
Nº Rexistro: 30561
Data envío: 22/07/2008 10:37:36.697

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Modesta Riobó Dios na data 22/07/2008 10:36:36

Cristina Ferreiro López na data 22/07/2008 10:36:49